



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Asunto: Citación Comisión de valoración

Ref. Expediente: Rf. Bases/S/B31-13 Adjudicación de autorizacións para a instalación de postos de venta ambulante ou non sedentaria no mercado municipal dos luns e xoves de Bueu

Pola presente, en canto membro da Comisión de Valoración segundo establece o art. 8 das Bases, que rexen este procedemento.

Veño en convocalo á celebración da mesma, que terá lugar o 9 de Xuño de 2014 ás 10.00 horas,

O órgano encargado de valorar as solicitudes será unha Comisión de Valoración composta polo Alcalde que actuará como presidente da Comisión, o concelleiro delegado do servizo de mercado de venda ambulante, o Interventor do Concello, o Tesoureiro do concello e a Secretaria do Concello, que actuará como secretaria da Comisión, procederá a comprobar se as solicitudes cumpren coa totalidade dos requisitos esixidos nas presentes bases. Se a comisión observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará, de ser o caso por terlo sinalado na solicitude de autorización, por correo electrónico aos interesados e, en todo caso, o anunciará no taboleiro de anuncios do concello e no perfil do contratante, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou subsanen.

A comisión, unha vez comprobada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, elaborará unha lista de solicitudes admitidas e excluídas e sobre as causas do seu rexeitamento.

Ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de solicitudes (17.06.14), a comisión procederá á baremar as solicitudes que houberan sido admitidas consonte os criterios de baremación sinalados nas presentes bases. Efectuada a baremación emitirase un listado provisional da adjudicación das autorizacións de postos no mercado ambulante que conteña as solicitudes admitidas, as excluídas e os motivos de exclusión e a valoración das solicitudes admitidas ordeadas por orde de puntuación. O listado será publicado no taboleiro de anuncios do concello e no perfil do contratante podendo formularse reclamacións contra o mesmo polo prazo de 5 días hábiles que deberán ser resoltas pola comisión de valoración. No caso de non formularse reclamacións contra o listado provisional da adjudicación das autorizacións de postos no mercado ambulante será elevado a definitivo de xeito automático, dando traslado do mesmo á Xunta de goberno local para que resolva o procedemento de licitación.

En Bueu a 29 de Maio de 2014

O ALCALDE,

Asdo. Félix Juncal Novas

Sres/as Membros da Comisión de Valoración



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

| | | |
|------------|-------------------------------------------------------------------------|--|
| PRESIDENTE | Félix Juncal Novas (Alcalde-Presidente) | |
| SECRETARIA | Nuria Lobato del Río, que actuará como membro da Comisión de Valoración | |
| | Fidel Castro Quiroga (Concelleiro Delegado) | |
| | Sergio Curra Moreira (Interventor Municipal) | |
| | Jacobo Vecino Reimundo (Tesoreiro Municipal) | |